UXÍO NOVONEYRA LETRAS GALEGAS 2010

Margarita Ledo Andión

Señor Presidente da Real Academia Galega, señores e señoras académicas, autoridades, amigos e amigas a quen arestora Novoneyra convoca cara ao interior dunha consigna interminábel: *Non, a forza do noso amor non pode ser inútle!*

Hónrame dirixirme a todas vós e partillar algúns esgos do pensamento identitario dun escritor-axitador, dunha figura que veu para a praza porque sente nel propio a dor do que lle falta, a dor do que nos falta.

A primeira imaxe da historia da humanidade é unha man. Unha man en se alongando a traverso do bango para pousar na rocha dunha cova mariña e alí, en solitude, decidir deixar un sinal. O sinal da man. Esa mesma man que na casa de Parada grava o poema para perdurar tal a súa imaxe primeira. Diante do mar de Anllóns o home escolle o lugar e escolle a palabra: Galicia. O real que toca ca man e ca fala.

Para termar desa primeira imaxe da súa man na pedra o home leva no interior da boca terra azul e saiva vexetal anil, tinturas como as que fan lucir a traverso dos tempos aló en Teixido, por ondia andou Andrés, o santo, os peixiños de pan. O home fai un fol cos beizos e deita por sobre a man e a laxa ese po que o prolonga e no que fica, para sempre, a forma dunha man. A man negativa, o oco, o silencio, o silencio que constata o acto orixinal: existir para os mais no ritual.

"Miñas donas e meus señores" . O ano era o 1957. O lugar o Mecantíl, na praza do Toural, en Compostela. O que se denuncia no modo en que se enuncia. "Miñas donas e meus señores", a primeira imaxe de nós propios escoitando en galego, após a creba das vértebras do século, que alguén –Uxío Novoneyra– se dirixe a todas nós para convocarnos a entrar nun acto comunal, un acto comunal e insubmiso en que ouvimos dicir cantigas de Bernal de Bonaval, aló, cando Galicia comezaba a quererse irmandiña. A fala, na procura das pegadas que labraron o modo en que nos imaxinamos; o desexo, o devalo cara a outra cousa; a nación soberana:

> *... e señas dona de ti e señora de falar*
> *Señora de decidir e dona de se negar*

Folga Xeral contra a Historia, outra volta Uxío. Nación entrelazada polos intervalos, nación á que lle cómpre restaurar os mapas. Pía Páxaro, Boca do Faro, Devesa de Rogueira, Donís, Fonlor. Cartografía caligráfica. O futuro prendido do que nos relata como colectivo con terra embaixo os pés e na diáspora. A identidade como construción.

A memoria, o que pasou, como programa para un certo porvir: *recóllote pros novos que vein con forza.*

Códigos segredos, estirpe da gleba na que te recoñeces e te representas: a lingua, o obxecto, entre outros obxectos, que usas para amar e para defendéreste en que dis *a navalla que aguza a vara e corta o pan*. Escrita que ampla as súas posibilidades sensíbeis no zugar de innúmeras texturas que van da señardade á acción de mirar: *ollar é ire, ire (...) dos teus ollos aos ucedos*; mirar eu para ti, Uxío, a ler para min unha carta de Elba mentres na taberna de Julita agardamos por Ela. San Froilán, 1971: *a fibela do meu traxe sigue tan benfeita*, di cando publicada. A carta puña "linda". Poemas-materia dun real que nos manca; Courel que contigo deveu un realizativo a prol da Terra; poemas que alentan a penas no movemento que describes coa man para percorrer a liña que marca esa distancia: *o lombo do lobo*.

No verán de 1968 eu tiña dezasete anos. No medio e medio dunha tarde de agosto subín polo Parrote para escoitar, na oficialísima Casa da Cultura, un recital. Sentei cara a banda esquerda, pola fila terceira para ollar sen ser vista, mentres as palabras ecoaban na sala. Rodeábanme mulleres da idade da miña tía Amalia, esas mulleres coruñesas que adoito facían o que na altura chamabamos vida social: encontrábanse para xogar cartas, ían mercar roupa a Pascual, percorrían as mercerías da rúa Real, acudían a actos literarios.

El ponse de pé. El olla e sorrí treméndolle un chisco a papada. El, sen deixar de sorrir, di:

– O Vietnam hai que cantalo de pé

El fica a ollar ese tempo xusto no que unha pálpebra abre e torna pechar. A sala enteira, todas aquelas mulleres da idade e condición da miña tía Amalia, póñense de pé termando dos bolsos.

El di os catro minutos e corenta e catro segundos do Vietnam canto.

Viste de escuro. O seu rostro distínguese. Os ollos son claros coma os dunha personaxe da Marguerite Duras. Olla cada verba, pona fóra da boca, funga da emoción co bruído do paso das follas, olla para nós, ergue na man coma se fose unha pomba roma:

Pobo como o meu
Galicia pequeniña
Sola cousa de todos

É esta a oración que ficou para sempre. Non sei se despois deses catro minutos e corenta e catro segundos para o Vietnam canto houbo outros poemas. Non recordo se permanecín todo o tempo de pé. Só me lembro deses versos e de como os fixei para sempre nunha elipse: Vietnam, Galicia pequeniña. Aínda nin sabía eu case que ren do galeguismo nin coñecía ese territorio insubmiso, o da poesía. Aínda non sentira con esa determinación a forza da fala nin sabía desa outredade, a da nación, Galicia, que lle debo a aquela tarde morna na que non ía pasar case que nada.

A primeira imaxe da humanidade é a dunha man que se perpetúa para entrar en contacto cunha man diferente, para partillar tempos e anceios: *Cear todos xuntos e irse por parexas, agardar aos que volven (...) agardar outro século*". Tamén a primeira imaxe coa que adoito abro os meus textos a redor da relación entre Identidade e Industria cultural e do papel dos medios de comunicación e das institucións na súa construción ou na súa invernía, tíroa de Uxío Novoneyra e cito uns versos deses versos polos que xa Novoneyra é un clásico, porque nos explica. Uns versos da Letanía de Galicia:

Recóllote da TERRA,
estás mui fonda,
recóllote do PUEBLO
estás n'il toda
recóllote da HISTORIA
estas borrosa

Versos pautados como fora pautado aquel ritual tan simple, "miñas donas e meus señores" co que fomos quen de sermos outra cousa mentres a súa voz con corpo como unha mazá feita roda doa a doa polas vértebras da nosa existencia, patria-lingua, valumbo.

Bailas e ... faisme libre escribiu para o Antonio Gades no Madrid dos sesenta, expresando a pertenza a unha xeración que está arestora toda enteira acó, no Courel, e aló, en Compostela, en nós. O soño, continúa!